Guía Didáctica

Orientacións para o profesorado

1. - INTRODUCIÓN:

"At school" é unha unidade didáctica creada por Juan Bautista Ramos Saíñas nunha licenza por formación para o curso 2013/14 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Destinatarios: Centrada nos contidos propios do primeiro curso de Educación Secundaria pero válida tamén para outros cursos da ESO a xeito de repaso, consolidación e/ou introdución a novos coñecementos sobre os temas aquí tratados.

Areas, contidos e competencias básicas: Abrangue contidos propios das áreas de Lingua Inglesa, Plástica, Ciencias Sociais e Matemáticas. Na unidade preténdese traballar as catro destrezas necesarias para a adquisición dunha lingua estranxeira (Reading, Writing, Listening e Speaking) así como conceptos máis propios de temas transversais como o traballo en equipo.

Outra das intencións da unidade é a de dotar ao alumnado dunha serie de coñecementos básicos sobre o mundo anglosaxón, facendo especial fincapé en tres apartados: “Cities”, “Celebrities” e “Special Dates”.

Esta unidade pretende contribuír á adquisición das seguintes competencias básicas:

- ***Comunicación Lingüística**:* O conxunto das actividades interactivas e multimedia presentes nesta unidade van encamiñadas a mellorar as 4 destrezas da aprendizaxe da lingua inglesa.
- ***Tratamento da información e da competencia dixital:*** A unidade preséntase en formato dixital e require do alumnado aprender a manexarse cunha certa soltura.
- ***Competencia social e cidadá:*** Expresando as propias ideas e escoitando as alleas tanto no traballo cooperativo como na Webquest. Esta competencia favorece tamén a comprensión da realidade histórica e social do mundo, así como a educación en igualdade, neste caso co tema de “International Women’s Day”.
- ***Interacción co mundo físico:*** Mediante o apartado “Cities”.
- ***Competencia artística e cultural:*** Tanto a través do apartado “Extra Curricular” dedicado ao cine, como a través da webquest, e tamén co apartado de Celebrities dedicado a Messi.
- ***Competencia matemática:*** Formas xeométricas.

- ***Aprender a Aprender***: O subapartado “Study Strategy” dentro de “Grammar”, pretende que o alumnado a use como boa práctica de aprendizaxe.
- ***Autonomía e iniciativa persoal:*** Responsabilizándose da elaboración das tarefas e proxectos propostos na unidade xa sexan individuais ou colectivos con confianza, creatividade e sentido crítico.

A unidade divídese en 9 apartados fundamentais:

- GRAMMAR: Nesta unidade trabállase con tres apartados a modo de introducción ao curso: Os verbos auxiliares be e have e os pronomes persoais.
- SONG: Con esta actividade “lúdica”, refórzase a estrutura gramatical aprendida.
- FUNCTIONS: Expresar intereses
- VOCABULARY: School Objects.
- EXTRA – CURRICULAR: Matemáticas: Formas xeométricas
- WEB TASK: Organizar unha viaxe a Londres.
- CITIES: Londres.
- CELEBRITIES: Messi
- SPECIAL DATES: AIDS Day.

Ámbito: Baséase fundamentalmente no uso do ordenador cun navegador web recente como Mozilla Firefox, Chrome, Opera, ou Safari como soporte básico de toda a unidade, aínda que tamén se presentan propostas concretas nalgunha actividade para o seu desenvolvemento no caderno do alumno ou outros soportes que o docente estime oportuno.

A excepción dun único apartado que require que a Unidade estea aloxada baixo un servidor web (consulte o documento técnico) o resto pode ser executado en calquera ordenador, mesmo naqueles que carezan de internet. Unicamente se necesitará unha conexión a internet para as ligazóns de consulta, por exemplo, dunha web de axuda, ou dun dicionario "online"; para visualizar as dúas actividades embebidas; ou para a consulta da lista de recursos da Webquest.

Temporalización: Pensada para aproximadamente tres / catro semanas. Dada a organización máis habitual dos contidos do primeiro curso da ESO, esta unidade sería a primeira do curso. Non obstante teña presente que calquera dos seus apartados poden constituír un recurso independente e doadamente integrable na súa propia organización. Por exemplo, nesta unidade trabállase sobre unha celebración especial:

"AIDS Day (o día da SIDA)", co cal vostede pode optar por realizar ese apartado xusto ao empezar unidade ou adiantar esas actividades para facelas coincidir con esa data específica (1 de decembro).

Interface: Moi sinxela, baseada nun menú despregable, situado na parte superior, dende o cal se pode acceder a cada un dos distintos apartados cun simple clic. Prestouse especial atención a que, nas actividades que puidesen requirir dun enlace externo, xa sexa a unha páxina de consulta ou ben a material embebido como poden ser as cancións, aparezan sempre nunha segunda ventá de forma que poida ser minimizada, realizar a consulta oportuna, ou reproducir / parar e volver ás actividades.

A continuación farei unha descrición detallada de tódolos apartados que compoñen esta Unidade Didáctica:

2.- GRAMMAR:

Nesta unidade traballamos cos verbos auxiliares "Be" e "Have" e facemos un repaso dos pronomes suxeito, obxecto e os adxectivos posesivos.

2.1 To be: Study Strategy:

Nesta guía, aprendemos as formas afirmativas, negativas e interrogativas do verbo "To Be":



Poña atención aos botóns que aparecen no fondo e á súa funcionalidade:

Permite mostrar/ocultar a grosa nas palabras clave do texto.

Oculta/ mostra as palabras remarcadas en grosa.

As frechas permiten unha navegación ao seguinte/anterior texto.

Os dous primeiros botóns teñen unha intención didáctica importante, buscando un afianzamento maior do estudado por parte do alumnado, así como para a asimilación das palabras clave, que lles permitirá recoñecer como se forma e cando se usa o pasado simple en Inglés.

Debe ter presente que no momento en que preme no botón de "Ocultar/Mostrar as palabras remarcadas en grosa", o primeiro botón desaparece. Se quixese recuperalo tería que recargar a páxina, ou volver a ela tras avanzar ou retroceder a unha páxina anterior.

2.2 To be activities:

Paquete con nove actividades que se abre nunha nova ventá. Traballamos coas diferentes formas (afirmativa, negativa e interrogativa) do verbo To Be a través de diferentes actividades interactivas.



2.3 To have: Study strategy

Nesta guía, aprendemos as formas afirmativas, negativas e interrogativas do verbo “To Have”:

No punto 2.1 ten unha explicación da funcionalidade dos botóns que se ven na parte inferior.

2.4 To Have activities:

Paquete con once actividades para traballar as diferentes formas do verbo “To have”:

O alumnado pode en todo momento "moverse" polas distintas actividades que forman o grupo, ben a través do "índice de actividades" (números na marxe superior dereita), ben a través das frechas de "seguinte/anterior" (na parte inferior dereita). É importante ter en conta que, en calquera momento de execución deste grupo de exercicios interactivos, podemos obter un informe de avaliación do traballo desenvolvido, "**auto avaliación**", pulsando sobre o botón gris da esquina superior esquerda. Ten máis información sobre os paquetes de actividades no documento "**Manual do Usuario**".

Ao premer na auto-avaliación, podemos observar o número de intentos que realizou o alumnado, se rematou a actividade con éxito, cantos intentos precisou e os puntos obtidos. Se poñemos o cursor enriba do número aparecerá unha subtáboa, dándonos máis detalles desa actividade concreta.



2.5 Be or have:

Nesta actividade individual que se abre no medio do espazo web, o alumnado debe completar as frases escollendo entre as formas correctas dos verbos estudados nesta unidade:



2.6 Pronouns → Study strategy:

Con esta actividade o alumnado aprenderá os pronomes suxeito, os pronomes obxecto e os adxectivos posesivos.



SUBJECT PRONOUNS

The **subject** of a sentence is a person or thing that performs the action of the verb.

Subject pronouns are used to replace the subject of a verb, so they usually go before the verb.

	SINGULAR	PLURAL
FIRST PERSON	I	We
SECOND PERSON	You	You
THIRD PERSON	He, She, It	They

2.7 Pronouns activities:

Paquete con trece actividades interactivas para traballar as diferentes formas dos pronomes e as diferenzas entre eles.



Na actividade do exemplo, o alumnado debe premer na cor correspondente a cada un dos tipos de pronomes e a continuación premer nos pronomes que estarían nesa categoría.

2.8 Quiz:

Para rematar este apartado da unidade, traballamos cun exercicio de resposta múltiple sobre o traballado:



3.- SONG:

O alumnado deberá escoitar a canción de James Blunt "You are beautiful" para traballar a destreza de “listening” e ao mesmo tempo reforzar a estrutura gramatical vista con anterioridade: os verbos auxiliares (be e have) e os pronomes persoais, xa que a canción contén bastantes exemplos para traballar.

3.1 Audio

Premendo nesta opción aparecerá nunha ventá en pop-up un reprodutor embebido coa canción que poderemos parar, reproducir ou rebobinar ao mesmo tempo que realizamos as actividades.

3.2 ... 3.7 Actividades Interactivas

Ábrense na mesma ventá da Unidade Didáctica. Este grupo de seis actividades débense ir facendo ao mesmo tempo que se vai escoitando a canción. Fíxese que se aproveita a “escusa” da canción para seguir afondando no aspecto gramatical que se traballa nesta unidade, como xa se explicou con anterioridade.

A imaxe inferior corresponde por exemplo á actividade número 6:



4.- FUNCTIONS: Interests and free time activities

Con este apartado preténdese traballar e reforzar situacións de comunicación en lingua inglesa. Neste caso trabállase como expresar as datas en inglés.

4.1.- Pictionary.

Premendo neste enlace abrirase na ventá principal da Unidade un “pictionary” con imaxes de intereses, hobbies ou actividades de tempo libre que o alumnado deberá aprender para resolver as actividades. Facendo clic en calquera das imaxes, esta virá á fronte máis grande.

Fíxese que nesa imaxe “agrandada” podemos premer nas frechas para avanzar e / ou retroceder, premer no “X” para pechar a imaxe grande e premer na nota musical para que se abra un reprodutor que nos permita escoitar como se pronuncia esa palabra.

4.2.- Interests.

Premendo neste opción abrirase nunha nova xanela un paquete con oito actividades sobre as diferentes expresións para expresar intereses ou actividades a realizar ao aire libre.

4.3.- Listening.

Neste apartado traballaremos a destreza de “listening” a través deste paquete con tres actividades diferentes:



Na imaxe do exemplo, o alumnado debe premer no reprodutor, escoller a imaxe que se asocia con ese son e logo premer no “?” para comprobar se a súa resposta é correcta.

4.4.- Writing.

Ábrese no espazo central da unidade esta actividade na que o alumnado debe premer na “T” para que se abra o teclado que lle permita escribir o texto. Unha vez feito iso, premendo no botón de verificar a frase pasará ao espazo central da unidade. Unha vez aí podemos modificar o tamaño, a cor, etc. tal e como vemos na imaxe inferior:



4.5- Speaking.

A proposta neste caso é que o alumnado escolla tres das imaxes e que comente oralmente o que lle gusta e o que non.



4.6- Quiz.

O alumnado debe responder a dez preguntas tipo test.



4.7.- Puzzle

Para rematar esta unidade o alumnado debe completar este quebracabezas:

5.- VOCABULARY.

5.1.- School Objects Pictionary.

Premendo neste enlace abrirase na ventá principal da Unidade un “pictionary” cos obxectos escolares que o alumnado deberá aprender para resolver as actividades. Facendo clic en calquera das imaxes, esta virá á fronte máis grande.



Fíxese que ao premer no símbolo coa nota musical, aparece na parte inferior da imaxe un reprodutor onde se pode escoitar a pronunciación da palabra.

5.2.- Poster.

Esta actividade é unha pantalla informativa, onde o alumnado ao pasar o rato por riba de calquera obxecto da imaxe, poderá ver a forma escrita e ao premer nel co botón esquerdo poderá escoitar como se pronuncia esa palabra:

5.3.- Activities.

Premendo neste enlace abrirase nunha nova ventá un paquete con sete actividades no que se traballan de distintas formas exercicios para consolidar o vocabulario a aprender:



5.4.- Reading.

Nesta unidade traballaremos cunha adaptación de varios capítulos da obra “Cuore” do autor italiano Edmondo de Amicis. A obra foi publicada en 1886.

5.4.1.- Cuore.

Premendo neste enlace ábrese na ventá principal da unidade a lectura:



5.4.2- Activities.

Premendo neste enlace ábrese nunha nova xanela un paquete con dúas actividades para demostrar se se comprendeu a lectura:



5.5.- Listening.

Premendo neste enlace ábrese nunha nova ventá un paquete con dúas actividades nos que se fai fincapé na formación de datas a través de actividades de listening.



Na actividade da imaxe, o alumnado debe escoitar o obxecto escolar que se pronuncia e premer nel. Nese intre o nome amosarase na imaxe en caso de que o alumnado contestara correctamente.

5.5.- Quiz.

Premendo neste enlace ábrese unha actividade na pantalla central. Nesta actividade o alumnado deberá demostrar o aprendido mendiante un “Quiz” de 10 preguntas.



5.6.- Puzzle.

Para rematar este apartado dun xeito máis lúdico, o alumnado debe completar este quebracabezas:



6.- EXTRA CURRICULAR: Visual arts: Lines and Shapes

Dende este apartado inténtase fomentar a interdisciplinariedade. Neste caso, tocamos o tema de plástica “liñas e formas xeométricas” que tamén ten relación directa con matemáticas.

6.1.- Pictionary.

Premendo neste enlace abrirase na ventá principal da Unidade un “pictionary” coas figuras xeométricas que o alumnado deberá aprender para resolver as actividades. Facendo clic en calquera das imaxes, esta virá á fronte máis grande.



Fíxese que ao premer no símbolo coa nota musical, aparece na parte inferior da imaxe un reprodutor onde se pode escoitar a pronunciación da palabra.

6.2.- Shapes and lines.

Paquete con seis actividades onde se traballan dende diversos ángulos as formas xeométricas que nos interesan que o alumnado aprenda en inglés:



6.3.- Symmetry.

Premendo nesta opción abrirase na ventá principal unha actividade interactiva para "xogar" con diferentes formas e elaborar unha simetría:



6.4. Listening:

Ao longo das tres actividades que compoñen este paquete de actividades, trabállase fundamentalmente a destreza de "listening".



Nesta actividade en concreto, o alumnado debe emparellar o son e a imaxe correspondente (como o típico xogo de memoria). A continuación debe premer no "?" para comprobar a súa resposta.

6.5.- Collaborative Task:

Coa proposta deste traballo búscase a realización dun traballo cooperativo de toda a aula. O alumnado deberá investigar e subir imaxes de obxectos de uso diario e asociar eses obxectos coa forma xeométrica que presentan. Nesta actividade concreta vostede como docente, pode optar por facer este traballo vía "online" ou ben aproveitar

a mesma temática e encargarlle ao seu alumnado un mural ou unha presentación sobre o mesmo tema. Se se decide por facelo “online” debe ler con atención **O DOCUMENTO TÉCNICO** que tamén se achega a esta unidade, xa que require dunha pequena intervención nos arquivos antes de iniciar o traballo (a intervención é sinxela e atópase amplamente detallada no citado documento).



6.6.- Writing:

Esta actividade ábrese no espazo central da unidade. A proposta neste caso é que o alumnado escolla unha das imaxes propostas e diga que formas xeométricas se poden ver nesa imaxe:



Premendo no botón “+” da parte superior dereita, o alumnado pode escoller a imaxe que queira e premendo no botón “T”, pode escribir o texto que estime. Ao premer na opción de validar este texto aparecerá na pantalla central e aí pódese darlle formato antes de imprimilo e pegalo no seu caderno.

6.7.- Speaking:

Esta actividade ábrese no espazo central da unidade. A proposta neste caso é que o docente vaia pasando o recadro gris que pode ver na imaxe pequena, por toda a imaxe para que esta apareza aumentada e que así o alumnado poida ir recoñecendo e dicindo en voz alta as formas xeométricas que se poden ver:



6.8.- Quiz:

Na ventá principal da unidade, ábrese este test con formato "resposta múltiple" na que o alumnado debe demostrar o seu coñecemento sobre o aprendido.



6.9 Puzzle:

Para rematar dun xeito "lúdico" este apartado da unidade, o alumnado debe intentar facer este quebracabezas antes de que remate o tempo.



7.- CITIES. London

Dende esta sección preténdese ampliar o coñecemento do alumnado sobre as principais cidades dos países de fala inglesa, nesta unidade Londres, traballando diversos ámbitos da historia, cultura e idiosincrasia desa cidade.

7.1.- London

Ábrese nunha nova ventá un paquete con seis actividades para traballar os diversos monumentos, historia e feitos principais da capital do Reino Unido.



7.2.- British Museum

Neste apartado imos traballar sobre o museo británico.

7.2.1- Video.

Este vídeo embebido proporciónanos un percorrido polo museo. Podémolo usar como proba de listening ou a modo de introdución como neste exemplo.

7.2.2- Activities.

Paquete con catro actividades para traballar sobre a historia e os obxectos que podemos atopar no museo:

7.3. Madame Tussauds:

Actividade que se abre na unidade principal do espazo web. O alumnado debe clasificar os seguintes personaxes presentes no museo segundo a súa actividade. Simplemente deben premer na caixa correspondente segundo sexan deportistas, actores ou actrices ou músicos.



7.4. The Tube:

Nesta actividade o alumnado debe arrastrar as palabras resaltadas en cor marrón para completar este texto sobre o metro londinense.



7.5 Piccadilly Circus:

Traballaremos neste apartado sobre esta recoñecida rúa en Londres

7.5.1 Map:

Mapa embebido de Google que se abre no centro do espazo web para que o alumnado faga unha visita virtual.

7.5.2 Activities:

Actividade individual que se abre nunha nova xanela sobre Piccadilly Circus. O alumnado debe premer no menú e escoller as palabras correctas para completar o texto.



7.6- Quiz:

Como xa vimos noutras seccións, o alumnado debe realizar este "quiz" con preguntas en formato "multiple choice" sobre Londres.



7.7. Puzzle

Esta actividade ábrese no espazo principal da unidade. Para rematar a unidade dun xeito máis lúdico, o alumnado debe facer o quebracabezas.



8.- WEB TASK:

Dende este apartado inténtase motivar ao alumnado na realización de tarefas en grupo, realizando unha aprendizaxe construtiva e baseándonos en información dispoñible na web. Neste caso levaremos a cabo unha webquest que terá como obxectivo final que o/as alumno/as organicen unha viaxe a Londres.

8.1.- Webquest: Organizing a trip to London

Tal e como se explica no apartado "Process" (seguindo o modelo de Bernie Dodge), o alumnado debe dividirse en grupos. Dentro de cada grupo, cada un deles ten un rol preestablecido. Evidentemente iso non implica que os demais membros do grupo non colaboren na elaboración dese apartado concreto.

Dentro da sección "Resources", ofrécense unha serie de ligazóns que poden axudar a entender e a realizar a tarefa proposta. Estas ligazóns xa están divididas por roles. Está incluído no apartado correspondente unha táboa onde se explica como será avaliado o alumnado. O obxectivo aquí é favorecer procesos de integración da información coa análise e reflexión de todo o aprendido.

9.- CELEBRITIES: Leo Messi

Neste apartado trabállase con personaxes famosos de distintos eidos, tanto no deporte, como na música, na política ou no cine. Nesta unidade traballamos con Leo Messi e aproveitamos para aprender algún vocabulario específico do mundo do fútbol.

9.1.- Leo Messi:

Paquete con dúas actividades nas que se traballa a biografía e os logros conseguidos por este futbolista.



Como pode observar na imaxe, intentouse que a actividade se adecúe ao traballado na unidade. Neste exemplo o alumnado debe completar a biografía de Messi coas formas correctas dos verbos auxiliares “To be” e “To have got” traballados no apartado de gramática.

9.2.- Football:

Paquete con catro actividades sobre diferentes aspectos relacionados co deporte do fútbol: as dimensións de un campo de fútbol, as diferentes posicións, as liñas do campo e o vocabulario relacionado coa portería.



9.3.- Listening:

Neste apartado traballaremos a destreza de “listening” mediante un vídeo sobre a “Masía”, a escola de xogadores do FC Barcelona.

9.3.1- Vídeo:

Premendo neste enlace abrirase en “pop-up” un vídeo embebido.

9.3.2- Listening test:

Premendo neste apartado, ábrese un quiz en formato “multiple choice” onde o alumnado debe escoller a resposta correcta unha vez escoitado (ou ao mesmo tempo que se escoita) o vídeo.



9.4.- Writing:

Actividade que se abre no medio do espazo web. O alumnado neste caso debe arrastrar a imaxe de Messi e escribir unha pequena descrición cos datos que se ofrecen.



9.5.- Speaking:

A proposta neste exemplo non é propiamente dito unha actividade interactiva, a actividade que se propón para que o alumnado mellore a súa competencia de producción oral é que traigan á clase as fotos do seus futbolistas preferidos, e que

oralmente fagan unha descrición física deles e falen da súa posición no campo e os seus puntos fortes.

9.6.- Quiz:

Como xa vimos noutras seccións, o alumnado debe realizar este "quiz" con preguntas en formato "multiple choice" para demostrar o aprendido sobre Leo Messi.



9.7.- Puzzle:

Para rematar dun xeito máis “lúdico” este apartado da unidade o alumnado debe completar este quebracabezas:



10.- SPECIAL DATES: AIDS Day

Neste apartado trabállase con datas importantes para a formación integral do alumnado en base a competencias. Nesta unidade traballamos co día internacional da SIDA (AIDS Day) que se celebra cada ano o 1 de decembro.

10.1.- World AIDS Day:

Actividade individual que se abre na ventá principal da unidade, para traballar coa historia do día mundial da SIDA:



10.2.- AIDS:

Paquete con seis actividades interactivas que se abre nunha nova xanela, onde traballamos os mitos, os feitos e as formas de contaxio desta enfermidade.



10.3.- Celebrities:

Actividade individual que se abre na ventá principal do espazo web onde o alumnado debe traballar e recoñecer a diversas persoas famosas que morreron por mor desta enfermidade.



10.4.- Video:

Vídeo embebido feito para o día do SIDA do ano 2012. Pódese usar como actividade de listening ou simplemente a xeito de introdución das actividades.

10.5- Song:

Como complemento ás actividades relativas a este día, traballamos con esta canción de Bruce Springsteen que foi a banda sonora dunha película sobre un enfermo de SIDA: Streets of philadelphia.

10.5.1- Video:

Vídeo embebido coa canción.

10.5.2- Activities:

Paquete con catro actividades para traballar coa letra da canción:



10.6.- Quiz:

Como xa vimos noutras seccións, o alumnado debe realizar este "quiz" con preguntas en formato "multiple choice" para demostrar o aprendido sobre o tema.



10.7.- Puzzle:

Para rematar dun xeito máis “lúdico” este apartado da unidade o alumnado debe completar este quebracabezas.



Pobra do Caramiñal, 30 de Xuño de 2014